1. COMENTARIO DE TEXTO:

No nome da Santa e Indivisible Trinidade, etc.,... Saiban, pois, a idade presente e futura como eu, Fernando, pola graza de Deus Rei dos Españois, por amor do Deus omnipotente e do Santísimo Apóstolo Santiago, a nosa cabeza e patrón facúltovos e concédovos a vós, meu leal don Pedro, electo de Compostela, que poidades edificar e establecer un novo burgo e posto na Terra de Santiago na comarca de Santa Cristina de Noia, terra do río Tambre, a gloria de Deus e de dita Igrexa, que vos elixiu por Padre e Pastor.
E o tal burgo e porto será chamado e diante Todo Bo (Totum Bonum) por todos; e institúo o burgo deste xeito, a saber, que todos os cidadáns de Compostela ou calquera outro que aló habiten ou teñan casa de morada, non paguen outra peaxe que a portaxe e peaxe que adoitan pagar as naves. Igualmente os estraños pagarán segundo o costume e rito doutros portos.
Todo o burgo e vila será voso e dos vosos sucesores, como a cidade compostelá.
Da portaxe das naves, reservo para min e o meu fisco a metade, que prometo e decido non dar nunca a ningunha outra persoa, nin coche, nin cabaleiro, e en caso de a ceder, só o farei a Vós ou aos vosos sucesores.
Mando e ordeno que o burgo se poboe segundo o Foro de Compostela, e que todos os que nel habiten e vivan ou estean suxeitos a Vós e a todos os arcebispos de Santiago, como o están os cidadáns de Compostela.
Engado ademais que desde o Faro (A Coruña) ata este porto que chamamos Todo Bo, e desde este porto ata Santa María da Lanzada e aínda até Padrón, deixe de observarse o mal costume do naufraxio, polo que os náufragos ou navegantes se ven precisados a entregaren as súas naves e o seu cargamento aos señores da terra; e que os mareantes que dentro dos devanditos termos padecesen naufraxio ou perigo de perderse, se lles restitúan as súas naves e todas as súas cousas sen mingua ou molestia ningunha, se é que puideron escapar da tempestade. Pero isto debe entenderse dos barcos que veñen consignados ao porto do Apóstolo e non outros.
Quero así mesmo que todos os habitantes e moradores do referido burgo sexan os vosos vasalos e dos Arcebispos de Compostela, e non de ningunha outra persoa.
Declaro, por último, que isto fago para restauración do porto do Apóstolo.

LÓPEZ FERREIRO, A. *Fueros municipales de Santiago y su tierra.* Extraído de AGRAFOXO, X. *Didáctica da Historia antiga e medieval de Galicia*, Toxousotos, Noia, 1993.

1. Ponlle un título a este texto.
2. Sitúa cronoloxicamente este texto.
3. Fai un esquema onde se recollan as principais normas citadas no texto dende o punto de vista económico e xurisdicional.
4. Comenta brevemente as principais ideas do texto.